



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 31 de xullo de 2019, apróbase a Convocatoria e as Bases Específicas para a selección de persoal temporal dun "Operario de Servizos Múltiples" e creación dunha listaxe de emprego temporal (PROGRAMA: FOMENTO DE EMPREGO 2019)

CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder á provisión, con carácter provisional, do seguinte emprego no Concello de Alfoz.

Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de "Operario de Servizos Múltiples":

- **Nº empregos:** 1.
- **Denominación:** Operario de Servizos Múltiples - Programa Fomento de Emprego 2019
- **Réxime Xurídico:** Funcionario interino (art. 10.1.c/ EBEP).
- **Clasificación:** Grupo de Agrupacións profesionais (A.P.).
- **Duración vínculo de servizo:** 12 meses desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 30/09/2020.
- **Duración xornada:** Xornada a tempo completo (100%)

Listaxe de emprego temporal para a praza de "Operario de Servizos Múltiples"

- **Modalidade da listaxe:** Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellodealfoz.com).

Prazo de presentación: Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Lugar de presentación: Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN PARA CUBRIR UN EMPREGO: "OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES", FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.c/ EBEP), A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA PRESTAR SERVICIOS NO CONCELLO DE ALFOZ (PROGRAMA: FOMENTO DO EMPREGO 2019) E CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases específicas, que complementan as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal para prestar servizos no concello de Alfoz publicadas no BOP de Lugo de data 23 de novembro de 2017, a regulación do procedemento de selección mediante sistema de concurso-oposición do posto de "OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES" a xornada completa ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego 2019 de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, publicado no BOP de Lugo de data 2 de marzo de 2019.

2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARÁCTERÍSTICAS:

- **DENOMINACIÓN:** OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES.
- **Grupo/subgrupo Profesional:** aGRUPACIÓNS PROFESIONAIS (A.P.).
- **Réxime Xurídico:** Funcionarial (funcionario interino do artigo 10.1.c/ "execución de programas de carácter temporal" do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

- **DURACIÓN DO VÍNCULO de servizo:** 12 MESES desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 30/09/2020.

- **tempo Xornada:** A tempo completo.

- **cometido funcional:** Consistirá na realización de tarefas de limpeza e mantemento de edificios municipais, zonas verdes, vías públicas e beirarrúas, recollida de residuos para levar ao punto limpo e apoio no servizo de abastecemento de auga potable.

3.- **RETRIBUCIÓNS:** Soldo correspondente as Agrupacións Profesionais (A.P.), nivel complemento de destino 14 e complemento específico 47,78 €/mes. (Dúas pagas extras ou, se é o caso, a parte proporcional correspondente).

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais:

- **Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo:** Certificado de estudos primarios ou equivalente.

b) Específicos:

- **Carné de conducir “B” en vigor.**

- **Estar inscrito na Oficina de Emprego** en situación de desemprego ou de mellora de emprego para o caso en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada, que deberá acreditarse con certificación da Oficina de Emprego e/ou cun informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: **CELGA 1** ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

5. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN.

5.1. FASE DE OPOSICIÓN.

a) Proba de coñecementos xerais e específicos. Obrigatoria e eliminatoria

A proba a realizar na fase de oposición consistirá nun exame práctico para comprobar o manexo de vehículos e/ou ferramentas que se van a utilizar. Valoraranse os sistemas de seguridade empregados e a destreza.

O tribunal determinará o tempo para a realización da proba.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria.

Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

5.2. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 14 puntos).

Criterios xerais para todos os apartados do baremo:

- Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean debidamente acreditados.
- Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións sinaladas do emprego convocado.

5.2.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 8 puntos).

Criterios xerais:

O cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.

A experiencia nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público puntuarase se a relación de servizos é funcional, laboral ou, se é o caso, autónoma.

No suposto de ser autónomo a puntuación realizarase segundo o tempo certificado polas Administracións Públicas ou polas Entidades do Sector Público que corresponda.

A puntuación da experiencia profesional en entidades privadas realizarase en atención a denominación dos servizos prestados que figuren no contrato de traballo ou na nómina.

Criterios de puntuación:

a) **Experiencia profesional nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público.**

Desempeño nas mesmas prazas/postos/empregos que se convoca: Valorarase a razón de 0,18 puntos por cada 30 días de traballo.

Desempeño da prazas/postos/empregos con funcións similares: Valorarase a razón de 0,10 puntos por cada 30 días de traballo.

b) Experiencia profesional en Entidades Privadas.

Desempeño do mesmo posto/emprego: Valorarase a razón de 0,12 puntos por cada 30 días de traballo.

Desempeño de postos/empregos similares: Valorarase a razón de 0,07 puntos por cada 30 días de traballo.

5.2.2. Carné de conducir

Por ser titular do carné de conducir “C” e telo en vigor: 2 puntos.

5.2.3. Formación Complementaria (puntuación máxima 4 puntos).

Criterios xerais:

So se valorarán os cursos convocados, impartidos ou homologados pola Administración Pública.

Non se puntuarán as materias que formen parte dunha titulación académica, nin de masters propios.

Non se puntuarán as accións formativas que non acreditan as horas de duración.

Criterios de Puntuación:

Cursos, xornadas, seminarios, congresos, masters propios e similares:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,015
Aproveitamento.	0,025

6.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

“[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado nos requisitos deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

7. REQUISITO PREVIO Á CONTRATACIÓN.

Conforme ao artigo 8.1 das Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2019, publicadas no BOP de Lugo número 52 do día 2 de marzo de 2019, no programa de Fomento de Emprego, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

A persoa que sexa proposta para este posto de “Operario de Servizos Múltiples”, deberá presentar, ademais da documentación especificada nas bases xerais, a seguinte documentación:

- Certificación da Oficina de Emprego onde se acredite que está desempregado ou en mellora de emprego.
- Informe de vida laboral actualizado que acredite que a súa xornada de traballo actual é igual ou inferior ao 50% da xornada.

8. CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL ESPECÍFICA.

A finalidade desta listaxe de emprego é atender as necesidades futuras de persoal temporal derivadas da propia convocatoria.

A listaxe de emprego temporal estará integrada polas persoas que superaron o proceso selectivo, pero non resultaron seleccionadas, ordenadas de maneira decrecente polas puntuacións obtidas.

A regulación desta listaxe está recollida nas Bases Xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter provisional ou temporal, para prestar servizos ao Concello de Alfoz, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 16 de novembro de 2017 e publicada no BOP número 269 de 23 de novembro de 2017.

Alfoz, 6 de agosto de 2019.- O Alcalde, JORGE VAL DÍAZ.

R. 2442

BALEIRA

Anuncio

Habendo quedado definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos (suplemento de créditos), financiado con cargo ó remanente de tesourería do exercicio anterior, dentro do vixente orzamento municipal, segundo acordo plenario do 6 de xuño de 2019, por importe de 15.500,00 euros. De acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, e tendo en conta todas as modificacións orzamentarias aprobadas hasta a data actual, o resumo por capítulos do estado de ingresos e gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS:

Capítulo I. Gastos de persoal	689.658,60
Capítulo II. Gastos en bens corrientes e servizos	445.793,28
Capítulo III. Gastos financeiros	5.500,00
Capítulo IV. Transferencias correntes	118.936,08
Capítulo VI. Inversións reais	791.582,73
TOTAL	2.051.470,69

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo I. Impostos directos	309.500,00
Capítulo II. Impostos indirectos	232.368,70
Capítulo III. Taxas e outros ingresos	175.104,00
Capítulo IV. Transferencias correntes	851.636,88
Capítulo V. Ingresos patrimoniais	100,00
Capítulo VII. Transferencias de capital	462.523,89
Capítulo VIII. Activos financeiros	20.237,22
TOTAL	2.051.470,69

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baleira, agosto de 2019. O Alcalde, Asdo. Angel Enrique Martinez-Puga López. DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

R. 2443

CASTRO DE REI

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA

D. FRANCISCO JAVIER BALADO TEIJEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO).

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

Visto que a alcaldía non vai poder exercer as atribucións que lle corresponden por ausencia do termo municipal durante o período do 23 de agosto de 2019 ao 1 de setembro de 2019, ambos incluídos.

En base ao disposto polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 44 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e a atribución que me confire o artigo 21.1. a), r) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

RESOLVO:

1. Delegar as funcións e atribucións propias da Alcaldía na persoa de D. Roberto Lorenzo Fernández, Primeiro Tenente da Alcaldía, no período comprendido entre o 23 de agosto e o 1 de setembro de 2019, ambos incluídos.
2. Durante este período de substitución, a citada persoa exercerá as funcións e atribucións delegadas a título de Alcalde por Delegación.
3. No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade da anteriormente indicada persoa, as referidas funcións pasarían automaticamente ás demais Tenencias da Alcaldía, segundo a súa orde de nomeamento, e nas mesmas condicións establecidas na parte dispositiva deste decreto.
4. No suposto que o abaixo asinante alcalde se reincorporase as súas funcións antes de transcorrer o período expresado no apartado número un da parte resolutiva deste decreto, a presente delegación quedaría automaticamente revocada.
5. Dar conta ao Pleno da presente Resolución na primeira sesión que este órgano celebre.
6. Dispor a publicación do presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia.
7. Comunicar este Decreto ao 1º Tenente de Alcalde deste Concello.

R. 2444

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio***DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Faise público que por esta Alcaldía con data 2 de xullo de 2019, ditouse a seguinte resolución, que literalmente di o que segue:

“De acordo co disposto nos artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 35.2 e 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, logo de que de ser o caso, o Pleno da Corporación acorde a creación da Xunta de Goberno Local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Que de acordarse polo Pleno a creación da Xunta de Goberno estará presidida por esta Alcaldía e integrada ademais polos tres concelleiros/tenentes de alcalde que a continuación se indican:

- José Antonio López Rodríguez
- María Carmen Vergara Ramos
- Filomena Vila Fernández

SEGUNDO.- Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, teñan lugar o segundo e o último venres de mes, non festivos, ás dezanove horas no salón de Sesións do Concello.

TERCEIRO.- Corresponden á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente á alcaldesa no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias que se delegan:

- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado e dispoñer gastos dentro dos límites da competencia da Alcaldía, recoñecemento de obrigas e a aprobación de certificacións de obras e facturas, así como dos documentos que verifiquen a recepción das subministracións ou, de selo caso, a confirmación da prestación dos servizos.
- As aprobacións dos instrumentos de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando a competencia para a súa contratación ou concesión estea atribuída a Alcaldía e estean previstos no orzamento.
- O outorgamento das licenzas e toma de razón de comunicacións previas salvo que as leis sectoriais as atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local e a aprobación das liquidacións tributarias que conleven.

Exceptúanse os permisos referidos a festexos populares e acampadas cuxo outorgamento sexa competencia da Alcaldía.

- A enaxenación do patrimonio nos supostos en que sexa competencia da Alcaldía.
- A aprobación de padróns fiscais e listas cobratorias.
- A cancelación e devolución de avais e fianzas.

CUARTO.- As competencias delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno Local mediante a adopción de acordos na forma determinada polo art. 113 do citado Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/1986, de 23 de novembro.

Os acordos adoptados nas materias delegadas terán pleno efecto e o mesmo valor que as resolucións que dite a Alcaldía no exercicio das atribucións que non delegara.

QUINTO.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que este celebre, notificarase ás persoas designadas e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da data en que se dicta a mesma, consonte co disposto nos apartados 2 e 4 do artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.”

Folgo do Courel, A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa

R. 2445

Anuncio

NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E CREACIÓN DE CONCELLERÍAS DELEGADAS

De conformidade co disposto no artigo 44 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, fanse públicas as seguintes Resolucións da Alcaldía de data 26 de xuño de 2019, das que se deu conta ao Pleno na pasada sesión de 03/07/2019:

a) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE A NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE

“Visto que segundo o disposto no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 35 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os Tenentes de Alcalde son órganos existente en tódolos concellos.

Visto que os artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, os artigos 61 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, do Réxime Local de Galicia, así coma os artigos 47, 48 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, establecen que a designación dos Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local é competencia desta Alcaldía.

En virtude do establecido nas disposicións referidas no apartado anterior con data de hoxe, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde deste Concello, con efectos do día de hoxe aos concelleiros seguintes:

- Primeiro Tenente de Alcalde: Don Jose Antonio Lopez Rodríguez
- Segundo Tenente de Alcalde: Dona M^a del Carmen Vergara Ramos
- Terceira Tenente de Alcalde: Dona Filomena Vila Fernández.

SEGUNDO.- Corresponde ós nomeados, polo mesmo orde, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo Alcalde.

TERCEIRO.- A presente resolución notificarase ós designados persoalmente, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.”

b) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE Á CREACIÓN DE CONCELLERÍAS DELEGADAS

“Logo da constitución do Concello o 15 de xuño de 2019, tras as eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, do 01 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla, no uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, e de conformidade cos artigos 43, 44, 45 e 51 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar as atribucións que me confire a normativa vixente nas materias que se indican e nos concelleiros que se relacionan:

<u>Concelleiro</u>	<u>Delegacións</u>
D. José Antonio López Rodríguez	Obras e Medio Rural
D ^a M ^a Carmen Vergara Ramos	Muller, Xuventude, Redes Sociais, Cultura e Turismo
D. Natalia López López	Medio Ambiente e Servizos
D ^a . Filomena Vila Fernández	Servizos Sociais e Deportes

SEGUNDO.- A delegación nas anteditas materias faise sen prexuízo das competencias que se lle atribúan á Xunta de Goberno Local e comprenderá tódalas facultades de dirección, xestión e, cando o consideren oportuno, proposta a esta Alcaldía que, en ningún caso, supoñan actos administrativos de carácter resolutorio.

TERCEIRO.- Facer unha delegación xenérica de sinatura a favor do primeiro, segundo e terceiro Tenentes de Alcalde, pola orde na que foron nomeados, para o caso de ausencia accidental da Alcaldía para asuntos ordinarios de mero trámite sempre que non afecten á facenda municipal nin impliquen facultades resolutorias e sen prexuízo do disposto na lexislación actualmente vixente para o caso de substitucións da alcaldesa polos tenentes de alcalde.

CUARTO. Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura desta resolución pola alcaldesa.”

Folgoso do Courel, 31 de xullo de 2019.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2446

Anuncio

ACORDOS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO DA CORPORACIÓN

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria organizativa, celebrada o día 3 de xuño de 2019, adoptou os seguinte acordos:

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS

- Establecer que as sesións ordinarias do Pleno da Corporación teñan lugar o derradeiro venres dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro ás 17:30 horas. Se coincidira en día inhábil a sesión terá lugar á mesma hora do día hábil seguinte agás que coincidirá sábado; de selo o caso, terá lugar á mesma hora do segundo día hábil seguinte.

CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- Crear a Xunta de Goberno Local coa composición, funcións e competencias que se conteñen nos artigos 20 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 59 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e as que lles sexan delegadas polos órganos do Concello.

CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

- Crear a Comisión Especial de Contas do Concello de Folgoso do Courel.
- Que a Comisión quede integrada por:

Presidencia: a alcaldesa Dolores Castro Ochoa ou concelleira/-o que a substitúa

Vogais:

Grupo do Partido Popular:

Natalia López López (titular)

María Carmen Vergara Ramos(suplente)

Filomena Vila Fernández (titular)

José Antonio López Rodríguez (suplente)

Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia:

José Luís Sánchez Pol (titular)

Carmen Álvarez Álvarez (suplente)

Grupo C@urel vivo:

Óscar Carrete Lage (titular)

Teo Chousa Arza (suplente)

Secretaría.- A persoa habilitada nacional que desempeñe o posto de Secretaría-Intervención ou funcionario da Corporación sen habilitación de carácter nacional, a proposta da Secretaría-Intervención.

CREACIÓN E COMPOSICIÓN COMISIÓNS INFORMATIVAS

Aprobar a proposta de creación da Comisión Informativa de estudo e seguimento do Plan Xeral de Ordenación Municipal(PXOM) presidida pola alcaldesa quedando integrada polas/-os seguintes concelleiras/-os:

Natalia López López (titular)

José Antonio López Rodríguez (suplente)

María Carmen Vergara Ramos (titular)

Filomena Vila Fernández (suplente)

Carmen Álvarez Álvarez (titular)

José Luís Sánchez Pol (suplente)

Teo Chousa Arza (titular)

Óscar Carrete Lage (suplente)

DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS

PRIMEIRO.- Nomear representante da Corporación no Consello Escolar do Centro Público Integrado de Seoane á concelleira M^a Carmen Vergara Ramos.

SEGUNDO.- Que a alcaldesa, ou persoa no exercicio do cargo de Alcalde do Concello, represente á Corporación no Grupo de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel, no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, na Fundación Uxío Novoneyra e na Rede de Dinamización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

PRIMEIRO.- Determinar os seguintes cargos con dedicación no Concello coas seguintes retribucións e dedicacións:

Alcaldía: dedicación exclusiva a xornada completa cunha retribución bruta mensual de dous mil trescentos euros (2.300,00 €) máis dúas pagas extraordinarias ao ano polo mesmo importe. A dedicación necesaria para o percibo da mencionada retribución será de corenta horas semanais sen prexuízo de que as necesidades dos servizos esixan o exercicio das funcións propias da Alcaldía fóra das mencionadas corenta horas semanais.

Primeiro tenente de alcalde-concelleiro delegado de obras e medio ambiente: dedicación parcial cunhas retribucións brutas mensuais de trescentos euros (300,00 €) máis dúas pagas extraordinarias ao ano pola mesma contía. A dedicación necesaria para o percibo das mencionadas retribucións será de dez horas semanais mínimas segundo as necesidades dos servizos.

O Concello pagará á Seguridade Social as cotizacións que legalmente correspondan polas retribucións percibidas.

Tendo en conta que o Primeiro Tenente de Alcalde-Concelleiro Delegado de Obras ten a condición de traballador por conta allea nunha empresa privada, declarar o cargo e a dedicación establecida no Concello compatible coa súa condición de traballador por conta allea.

Os membros da Corporación Municipal con dedicación exclusiva ou parcial non percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación dos que formen parte.

SEGUNDO.- Fixar as seguintes contías en concepto de asistencia a órganos colexiados que serán satisfeitas ós membros da Corporación que formen parte dos mesmos e que non teñan dedicación parcial nin exclusiva.

A.- Por asistencia ás sesións do Pleno, da Xunta de Goberno Local e da Comisión Especial de Contas: setenta e dous euros (72 €) por sesión. Non se recibirá contía ningunha en concepto de asistencia á Comisión de Seguimento do PXOM.

TERCEIRO.- Axudas de custo e gastos de locomoción.

Os membros da Corporación cobrarán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas.

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, (BOE de 30

de maio 2002, núm. 129) e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizárase polo importe do billete ou pasaxe.

CUARTO.- O Concello consignará nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se refiren os apartados anteriores dentro dos límites que con carácter xeral se establezan.

QUINTO.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Corporación.

Así mesmo estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello.

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

-A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando o Pleno sexa o competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos no orzamento.

-A aprobación de certificacións finais, liquidacións e actas de recepción de cantos contratos sexan competencia da Corporación Municipal en Pleno

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia en no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Folgo do Courel, 30 de xullo de 2019.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2447

FRIOL

Anuncio

A Xunta de Goberno na sesión celebrada o 25 de marzo do actual prestou aprobación aos documentos técnicos para a realización das seguintes obras:

- **Mellora dos accesos a Fraga, Toxo – As Pozas, Prado de Abaixo, Iamas e Pardellas**, elaborado polo enxeñeiro Sr. Porto González.
- **PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AOS NÚCLEOS DE RAMELLE, ROCHA, SAMEDE, VILAR, FONTE DO CAN, LAGOZOS, MOZÓN, QUINTÁ E PRADEDA**”, elaborado polo enxeñeiro de camiños don José Enrique Cacicedo Herrero (SP Ingeniería).
- **ACTUACIÓNS NA CASA DO CONCELLO DE FRIOL**, elaborado polo Arquitecto Sr. López Vázquez.

Os mesmos sométense ao trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións. De non presentarse en tempo e forma os proxectos entenderanse definitivamente aprobado.

Friol a 5 de agosto de 2019, O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 2448

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS E NOMEMANETO DE FUNIONARIOS DE CARREIRA NO PROCESO SELECTIVO DE DOUS AXENTES DE POLICIA LOCAL POLO SISTEMA DE MOBILIDADE(OEP 2018)

Mediante este anuncio faise público que por resolución da alcaldía de data 12 de agosto do 2019 se adoptaron os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a seguinte LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS no proceso selectivo de DOUS AXENTES DE POLICIA LOCAL POLO SISTEMA DE MOBILIDADE(OEP 2018):

ADMITIDOS/AS DEFINITIVAMENTE
1.CAMESELLE FERNANDEZ ROBERTO
2.MONTES FERREIRO RUBEN
3.- PEREZ AMARO VERONICA

EXCLUIDOS/AS DEFINITIVAMENTE	CAUSA
1. CANDAL MIRANDA JOSE RAMON	Incumprir o requisito de faltarlle como mínimo doce anos para o pase a situación de segunda actividade.
2. DE FUSCO GOYANES SALVATORE	Incumprir o requisito de faltarlle como mínimo doce anos para o pase a situación de segunda actividade.
3. RINCON BUENO ALBERTO	Incumprir o requisito de faltarlle como mínimo doce anos para o pase a situación de segunda actividade.

Segundo.- Nomear como funcionarios de carreira a don Roberto Cameselle Fernández e dona Verónica Pérez Amaro, nas prazas de policía locais pertencentes o cadro de persoal do concello de Monforte de Lemos, encadradas na escala administración especial, subescala de servizos especiais, escala básica, categoría de policía, grupo C1, correspondentes a Modificación da OEP 2018.

Terceiro.- Notificarlle este ós funcionarios nomeados e comunicarlles que deberán tomar posesión o vindeiro 21 de agosto do 2019, as horas 09:00 na Casa Consistorial.

Cuarto.- Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello e comunicalo tamén o servizo de recursos humanos, a intervención, tesourería e secretaria Municipal.

En Monforte de Lemos, 12-08-2019.- O Alcalde-Presidente, Jose Tome Roca.

R. 2482

SARRIA

Anuncio

Aprobados inicialmente expedientes de modificación de créditos nas modalidades de crédito extraordinarios 2/2019 e 3/2019 e de suplemento de créditos 2/2019 e 3/2019 do Concello de Sarria na sesión extraordinaria do Pleno celebrada o 9 de agosto de 2019, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, os expedientes expóñense ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalos e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Os expedientes de modificación de créditos quedarán definitivamente aprobados se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

Os expedientes de modificación de créditos definitivamente aprobados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Sarria, 12 de agosto de 2019.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2481

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/21939

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Comunidad de Usuarios de Filloval

Nombre del río o corriente: Manantiales "Fonte das Chas" (2)

Caudal solicitado: 0,3106 l/seg.

Punto de emplazamiento: As Cruces, parcela 48 del polígono 107

Término Municipal y Provincia: As Nogais (Lugo)

Destino: Uso doméstico y uso ganadero

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Toma 1: excavación, tubería de drenaje y material filtrante.

Toma 2: Arqueta.

Arqueta de reunión y conducción por tubería hasta repartidor y 18 depósitos individuales de 300 l. de capacidad cada uno, alojados en una nave, de la que partirá la red de distribución.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de As Nogais** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 26 de julio de 2019.- **EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES.** Pedro Granda Rodríguez.

R. 2415

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS*Anuncio***Expediente: A/27/17000**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 noviembre de 2013 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Real Monasterio de Samos, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,623 l/s de agua procedente del río Sarria, en el lugar de Viladetres, parroquia y T.M. de Samos (Lugo) con destino a riego de 3,23 has.

Lugo, 8 de agosto de 2019.- **LA JEFA DEL SERVICIO TERRITORIAL EN FUNCIONES,** Isabel del Río López.

R. 2478